



**CONCELLO DE SANTIAGO**  
**Grupo Municipal Popular**

CONCELLO DE SANTIAGO  
REGISTRO XERAL

Data 21 FEB. 2008

ENTRADA

Hora..... Núm. 9122

PAZO DE RAXOI  
Praza do Obradoiro, s/nº  
15705 SANTIAGO

Tlf.: 981542333  
Fax: 981574885

## MOCIÓN PARA O REFORZO DAS INFRAESTRUTURAS, PROMOCIÓN E DEFENSA DO AEROPORTO DE LAVACOLLA

O aeroporto Internacional de Lavacolla é na actualidade a infraestrutura aeroportuaria máis importante de Galicia e a décimo sétima de España, cun volume anual de máis de 2 millóns de pasaxeiros.

Nembargante, nos derradeiros anos, asistimos con preocupación a como o ritmo de crecemento no número de operacións e de viaxeiros ralentízase en cada nova anualidade, en directa competencia co resto de instalacións aeroportuarias galegas.

O panorama sombrío que se cerne sobre Lavacolla agudízase ao contemplar a inestabilidade das liñas, do seus destinos, das frecuencias, e das tarifas, que fan perder ao usuario e viaxeiro a confianza no noso aeroporto.

Se no ano 2000, o Aeroporto Compostelán duplicaba o número de pasaxeiros das terminais de Vigo e Coruña, na actualidade pode dicirse que ámbolos dous aeródromos tutean ao aeroporto Santiagués.

Compre adoptar un paquete de medidas que favoreza as mellores condicións de competitividade nacional e internacional de Lavacolla que lle permitan encarar os grandes retos aeronáuticos que terá que afrontar neste novo século.

Por todo elo fórmase a seguinte PROPOSTA DE RESOLUCIÓN a fin de que,

que polo pleno do Concello se adopten os seguintes acordos:

- 1.- Que polo Concello de Santiago de Compostela se inste ao Ministerio de Fomento e AENA co obxectivo de que con carácter inmediato se dea inicio ás obras de execución da nova terminal de pasaxeiros, con reaxuste no seu caso do prazo e forma de execución que permita a súa conclusión en Decembro do 2009 antes do Ano Santo Xubilar.
- 2.- Solicitar á Xunta de Galicia, e/ou no seu caso ao Ministerio de Fomento e AENA encarguen a redacción dun estudo de viabilidade do tren de Alta Velocidade ao Aeroporto de Lavacolla, con análises das alternativas, itinerarios e custes de execución, mesmo coa previsión da redacción dun modificado do proxecto de terminal que inclúa o apeadeiro do AVE, tomando como punto de partida o estudo de viabilidade da conexión ferroviaria redactado no ano 1995 pola COTOP.
- 3.- Formación dunha comisión municipal para o relanzamento do Aeroporto de Lavacolla encargada de redactar no prazo de seis meses un documento de iniciativas global que permitan colma-las necesidades e expectativas do aeroporto para os vindeiros 10 anos. Esta comisión integraríase en lista non pechada, por un representante de cada grupo municipal, un representante de Incolsa, representantes das asociacións de comerciantes, representantes das asociacións de empresarios, representantes do sector de axencias de viaxes, representantes dos colexios profesionais e un representante de asociacións veciñais centro e rural.
- 4.- Que polo Concello de Santiago de Compostela se eleve unha oferta formal á Comisión de Transportes da Comisión Europea da UE, de posta a disposición do Aeroporto de Lavacolla como futuro enlace-conexión intercontinental do Continente Europeo con Iberoamérica.

En Santiago de Compostela a 20 de febreiro de 2008

Fdo.- Javier Sánchez Agustino Mariño  
Concelleiro do Grupo Municipal PP

Asdo. Gerardo Conde Roa  
Voceiro do Grupo Municipal PP

**ILMO. SR. ALCALDE DO EXCMO. CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA**